

O INFINITIVO CONXUGADO

Debe usarse a forma invariable:

1. Se o infinitivo forma parte dunha **perífrase verbal** (*Han de ser uns vinte*)
2. Cando o infinitivo é impersoal (*Prohíbese fumar*)
3. Cando o infinitivo depende dun verbo **causativo** (*mandar, facer, permitir.*) ; **perceptivo** (*sentir, ver, oír.*); **modal** (*querer, poder, deber.*); ou **de movemento** (*ir, vir.*)Ex; *Oín tocar as campás, Mandeilles facelo pero non me escoitaron; Debedes divertirvos todoo que poidades; Ide facerlle unha visita*
4. Cando ten valor imperativo (*Veña, coller as cousas e saír rapidamente*)
5. Cando depende da preposición **de** e funciona como **Modificador dun adxectivo** (*É un problema difícil de resolver*)

Debe usarse a forma conxugada:

1. Cando o infinitivo ten un **suxeito** (expreso ou non) **distinto** ao do verbo principal (*Ao chegaren os primeiros fríos, o vello péchase na casa*)

Pode usarse a forma conxugada:

1. Se ten o mesmo suxeito que o verbo principal pero vai antes ca el e precedido de preposición (*Para lembráreste despois, anótao*)
2. Cando ten o mesmo suxeito que o verbo principal, vai despois del pero a suficiente distancia como para que se poida perder a noción de cal é o suxeito (*Seguide pola estrada principal da costa para verdes mellor toda a paisaxe*)
3. Se indica a indeterminación do suxeito, en 3ª persoa do plural (*Por non lle daren importancia chegamos a esta situación*)
4. Con verbos pronominais ou reflexivos (*Metéreste no que non che importa acabará por darche problemas*)